

PROGRAMACIONES DIDÁCTICAS

EDUCACIÓN INFANTIL

**CEIP VICENTE OTERO VALCÁRCEL
CURSO 2021-2022**

PROGRAMACIÓN DE CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL
CURSO 2021/2022

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.
2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.
3. CONCRECIÓN DOS OXECTIVOS PARA O CURSO.
4. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN. CONCRECIÓN DOS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.
5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.
6. MATERIAL E RECURSOS DIDÁCTICOS A EMPREGAR.
7. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINANZA E A PRÁCTICA DOCENTE.
8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.
9. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA.
10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS PROGRAMADAS.
11. CONTRIBUCIÓN AOS PLANS DE CENTRO.

1. INTRODUCCIÓN.

A programación que a continuación se presenta, está planificada para o curso escolar 2021/2022 para o 2º Ciclo de Educación Infantil. Para a súa elaboración, empregáronse como **referentes legais** o **Decreto 330/2009, do 4 de xuño**, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e tamén a **Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación**, o **Real Decreto 1630/2006, do 29 de decembro**, polo que se establecen as ensinanzas mínimas do segundo ciclo de educación infantil, a **Orde do 25 de xuño de 2009**, pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e a **Orde do 19 de maio de 2021** pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/2022 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. Tamén teremos en conta o **Proxecto Educativo de Centro**, xunto coas características do centro e dos alumnos.

Polo tanto, elaboramos o presente documento para o 2º ciclo de educación infantil, tratándose dunha proposta **flexible, fundamentada e xustificada** e deixándoa **aberta** para poder modificar cando se considere preciso. En primeiro lugar fixemos unha análise do contexto educativo, facendo fincapé na atención á diversidade. Establecemos os obxectivos, contidos, competencias básicas, e temos en conta aspectos metodolóxicos e didácticos, os recursos, a atención á diversidade, a avaliación como un proceso de triangulación, os plans do centro así como por suposto, a atención en valores, reflectíndose no noso quefacer diario.

O **CEIP Vicente Otero Valcárcel** está situado no concello de Carral, xeográficamente ao noroeste de Galicia e a 18 km da cidade da Coruña. Conta co 2º ciclo de Educación Infantil e toda a etapa de Educación Primaria. A **xornada lectiva é continuada** en sesión única de mañá de 9:30 a 14:30 horas. Dende o centro ofértanse os servizos de transporte escolar e comedor, regulado o primeiro polo **Real Decreto 443/2001, do 27 de abril**, sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores, e o segundo, regulado polo **Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería con competencias en materia de educación**.

De acordo co establecido no **Decreto 374/1996, do 17 de outubro**, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria e na **Orde do 22 de xullo de 1997** pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación

infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, os órganos persoais cos que conta o centro son: **directora, xefe de estudos e secretaria**. Así mesmo os órganos colexiados son: **claustro e consello escolar**. E os órganos de coordinación docente son: Equipo de Ciclo en educación infantil e de niveis en educación primaria, Comisión de Coordinación Pedagóxica, Equipo de Dinamización da Lingua Galega, Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, Departamento de Orientación e as titorías.

O Centro dispón de **Departamento de Orientación** propio, regulado pola **Orde do 24 de xullo de 1998**, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998, dentro do cal contamos cunha orientadora, dous mestres especialistas en Pedagogía Terapéutica e dúas mestras especialistas en Audición e Linguaxe, unha delas itinerante, compartida con dous centros da contorna.

A nivel de instalacións, o centro cumpre co regulado no **Real Decreto 132/2010, do 12 de febreiro**, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan as ensinanzas do segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria, polo que, concretando no noso ciclo, entre outros aspectos, as aulas de educación infantil dispoñen de aseo con inodoros e lavabos adaptados para os nenos. Asemade, existe un patio de recreo específico para educación infantil, pero as súas dimensións non permiten a convivencia de tódolos nenos que conforman o ciclo, polo tanto, empregámolo por quendas. Isto implica que os alumnos teñan que dividirse no recreo entre este patio (que só podemos empregar sempre que non chova) e o patio cuberto. A isto, debemos engadirlle que neste curso, e debido a pandemia pola Covid19 non podemos mesturar aulas, polo que se decidiu poñer máis zonas para o recreo, podendo saír tamén ao patio semicuberto, as zonas habilitadas diante das vivendas e a herba. Nos días de choiva só temos patio cuberto, patio semicuberto e aula de psicomotricidade.

Na etapa de educación infantil hai 6 aulas distribuídas por niveis. O equipo de ciclo de educación infantil está formado por 6 mestres e mestras titoras, 2 mestres de apoio e os especialistas que imparten docencia no segundo ciclo de educación infantil.

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

A educación Infantil constitúe unha etapa educativa con identidade propia na que se pretende **lograr un desenvolvemento integral e harmónico da persoa nos distintos planos: físico, motórico, emocional, afectivo, social e cognitivo**, e procurar que o alumnado acade as aprendizaxes que contribúen e fan posible dito desenrolo, o que sen dúbida facilitará que den os **primeiros pasos na adquisición das competencias básicas** que se deben conseguir ao final da educación obrigatoria. A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, vixente para esta etapa educativa, establece que é preciso desenvolver no alumnado xa desde idades temperás a adquisición de oito competencias básicas de forma progresiva e coherente.

Competencia en comunicación lingüística. A linguaxe sírvenos para comunicarnos tanto a nivel oral como escrito, polo que é fundamental para expresar os sentimentos, pensamentos, vivencias, opinións, etc. dos nenos e nenas. Por todo isto é importante contribuír á mellora da competencia lingüística desde a nosa aula, fomentando a participación, respectando a diversidade de respostas e ofrecendo un clima no que se anime a ler, escribir e conversar (contacontos, asembleas, préstamos,...) e tendo en conta o eixe dinamizador e vertebrador do centro, a nosa biblioteca.

Competencia matemática. Consiste na habilidade para empregar e relacionar os números, as súas operacións básicas, os símbolos, as formas de expresión e razoamento matemático, etc. Con esta competencia pretenderase que os elementos e razoamentos matemáticos sexan empregados para enfrontarse ás situacións cotiás e reais que o precisen. Contribuiremos á mellora desta competencia coa posta en práctica de procesos de razoamento que leven á resolución dos problemas ou á obtención de información.

Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico. Fomentando as relación dos alumnos co mundo que os rodea en situación de xogo e a través da observación e a manipulación de obxectos, da interacción coas persoas e da exploración do espazo e o tempo. Refírese á habilidade para interactuar co mundo físico, de modo que se facilite a comprensión de sucesos, a predición de consecuencias, así como o coidado e interacción co medio e a protección da saúde. Para iso iniciaremos ó alumnado no pensamento científico e potenciaremos habilidades de investigación.

Tratamento da información e competencia dixital. Consiste na habilidade de obter, procesar e comunicar información transformándoa en coñecemento. Debemos, polo tanto introducir na aula distintos soportes de información: oral, impreso, audiovisual, dixital ou multimedia, para que os nenos vaian obtendo unha actitude crítica e reflexiva fronte ás distintas informacións ás que se enfronten.

Competencia social e cidadá: Con esta competencia facilitaremos a comprensión da realidade social en que vive o neno, que sexa capaz de poñerse no lugar do outro e que intente mellorar esta realidade. Intentaremos, desde a aula, que valoren as diferenzas e que recoñezan a igualdade dos dereitos dos distintos colectivos. Para iso dialogaremos e negociaremos para chegar a acordos cando existan diferenzas de pensamento. Tamén traballaremos as habilidades sociais para mediar nos conflitos e tratar de resolvelos cunha actitude construtiva que axude á toma de decisións dunha forma cada vez máis autónoma.

Competencia cultural e artística: Os nenos deben coñecer as distintas manifestacións culturais e artísticas do pobo, polo que debemos de introducilas nos nosos proxectos. Tamén, a través das distintas actividades, temos que facer que os nenos coñezan o noso patrimonio para que na medida das súas posibilidades poidan contribuír á conservación do mesmo. Así irán adquirindo distintas habilidades de pensamento, perceptivas e comunicativas, ademais de sensibilidade e sentido estético para poder comprender, valorar, emocionarse e gozar coas distintas manifestacións culturais e artísticas. Da mesma forma debemos fomentar dentro da aula o emprego de recursos da expresión artística nas creacións propias, así como unha actitude aberta, respectuosa e crítica cara á diversidade nas creacións artísticas e culturais.

Competencia para aprender a aprender. Esta competencia significa ser capaz de iniciarse na aprendizaxe e seguir aprendendo de forma cada vez máis eficaz e autónoma e ir tomando conciencia do que é capaz de facer por si mesmo e do que pode facer coa axuda dos demais. Para elo debemos, na nosa práctica educativa, potenciar a expresión lingüística, a memoria, a comprensión, a observación, o traballo, etc, para que os alumnos aprendan a aprender.

Autonomía e iniciativa persoal: Esta competencia refírese tanto á adquisición da conciencia e aplicación dun conxunto de valores e actitudes persoais (responsabilidade, perseveranza, autoconñecemento, autoestima, autocrítica, etc) como a capacidade de elixir con criterio propio, de propoñer proxectos e de levalos adiante. Na educación infantil non se marcarán uns mínimos exixibles en relación as competencias básicas para superar a etapa pero si se tentará que a través dos contidos traballados o alumnado, ao remate do ciclo, teña

unha competencia comunicativa propia a súa idade, sexa capaz de asociar os contidos adquiridos cos novos que se lle presenten, adquira autonomía para afrontar novos retos ou problemas e interactúe co medio que o rodea, percibindo os seus cambios e contribuíndo ao seu avance.

3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO.

Os obxectivos enténdense como metas que guían o proceso de ensino-aprendizaxe. Formúlanse para promover o desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual. Os obxectivos fan referencia ás capacidades globais que se traballan dende os ámbitos da experiencia infantil e adecúanse ás características do alumnado. Baseándonos no disposto no **Decreto 330/2009**, teremos en conta os **obxectivos xerais da etapa** como referente da promoción do alumnado. Estes obxectivos distribúense nas áreas curriculares, recóllense como **obxectivos xerais de área** e relaciónanse coas CCBB, para así poder establecer os indicadores competenciais de avaliación.

AREA I: COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

- Formarse unha imaxe persoal axustada e positiva, identificando as posibilidades e limitacións e desenvolvendo sentimentos de autoestima e autonomía persoal.
- Coñecer e representar o propio corpo e as posibilidades de acción e de expresión, coordinando e controlando progresivamente os xestos e os movementos.
- Gozar e vivir o xogo como medio para coñecer a realidade e favorecer a aceptación propia, a manifestación de emocións, o respecto aos demais, ás regras, a seguridade persoal e a aceptación da identidade sexual e cultural.
- Identificar, expresar e comunicar os propios pensamentos, sentimentos, ideas, emocións e necesidades e respectar os das outras persoas.
- Aceptar e respectar as diferenzas individuais como poden ser o sexo, a cultura, a personalidade, as características físicas e demais.
- Tomar a iniciativa para realizar tarefas cotiás con autonomía, resolvendo problemas, reforzando a autoconfianza e sendo quen de solicitar axuda.

➤ Adquirir progresivamente hábitos persoais de orde, constancia e planificación no desenvolvemento das tarefas e actividades da vida cotiá.

➤ Adquirir hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, a hixiene, a alimentación, o coidado persoal e o fortalecemento da saúde.

ÁREA II: COÑECEMENTO DO CONTORNO

➤ Observar e explorar de forma activa o seu contorno físico e algunhas situacións e feitos significativos, mostrando interese polo coñecemento do mesmo.

➤ Empregar o coñecemento lóxico para comprender situacións cotiás e resolver problemas explorando, ordenando, comparando, cuantificando, medindo, pesando...

➤ Tomar a iniciativa na formulación de hipóteses e buscar explicacións a diversas situacións e problemas da vida cotiá e algúns experimentos realizados.

➤ Coñecer e valorar os compoñentes básicos do contorno natural, os cambios a que están sometidos e desenvolver actitudes de coidado e responsabilidade na súa conservación.

➤ Relacionarse con grupos sociais próximos desenvolvendo actitudes de respecto, aprecio e confianza, interiorizando pautas de convivencia e comportamento social.

➤ Coñecer e valorar elementos significativos propios da tradición e cultura galega.

ÁREA III: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

➤ Empregar e valorar as diversas linguaxes como instrumentos de comunicación, de expresión, de representación, de aprendizaxe e de gozo.

➤ escoitar, comprender e respectar a intencionalidade comunicativa doutros nenos, así como das persoas adultas.

➤ Comunicarse oralmente nas linguas oficiais en diversidade de contextos, con distintos propósitos e persoas, valorándoas para relacionarse e regular a convivencia.

➤ Aproximarse ao uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en situacións contextualizadas e mostrar interese, valorar e gozar con esas interaccións.

- Achegarse á lingua escrita con distintos propósitos e a través de diversos tipos de textos en situacións contextualizadas e reais.
- Facer uso da biblioteca en diferentes actividades da vida cotiá, valorándoa como fonte de pracer e como medio de información, de interacción, de aprendizaxe e de gozo.
- Empregar as linguaxes artísticas en diversos contextos e descubrir e coñecer obras artísticas, potenciando a capacidade creativa e desenvolvendo a imaxinación.
- Amosar autoconfianza nas producións artísticas, coa procura de mellorar, respectar e valorar as creacións propias e as das outras persoas.
- Coñecer e empregar as tecnoloxías da información e da comunicación, valorándoas como instrumentos de información, creación, expresión e comunicación.

4. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN. CONCRECIÓN DOS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

O **Decreto 330/2009, do 4 de xuño**, e a **Orde do 25 de Xuño de 2009**, pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, indican explicitamente que a avaliación na educación Infantil será: global, continua e formativa. Os mestres que impartimos clase neste ciclo deberemos avaliar, ademais dos procesos de aprendizaxe do noso alumnado, a nosa propia práctica educativa.

A **avaliación** será **global** en canto deberá referirse ao conxunto das capacidades expresadas nos obxectivos da etapa, adecuados ao contexto sociocultural do centro e as características propias do alumnado. Terá un carácter **continuo** porque deberemos recoller información de forma continua ao longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe, **formativo**, regulador e orientador do proceso educativo porque nos proporcionará unha información constante que nos permitirá mellorar tanto os procesos como os resultados da intervención educativa.

A avaliación realizarase en tres momentos: avaliación **inicial**, a principio de curso e de cada unidade didáctica ou proxecto, para iso farase una avaliación inicial, coa función de determinar a situación e ideas previas dos nenos. A avaliación inicial que fagamos dos rapaces terá unha significación especial xa que isto, xunto coa información dada polas familias e a observación e detección dos niveis madurativos,

daranos as claves para unha intervención educativa axeitada, tanto individuais como grupais. Durante o desenvolvemento do proceso, realizaremos unha avaliación **continua**, coa finalidade de reflectir as incidencias que aparezan durante o proceso educativo, relativas á evolución das capacidades respecto ao avaliado inicialmente, para adaptar a actividade escolar a cada caso se esta non resulta eficaz. Ao final, levaremos a cabo unha avaliación **final** que ademais de reorientar o proceso, servirán para valorar as aprendizaxes adquiridas e o grao de consecución dos obxectivos propostos inicialmente. Esta avaliación tamén nos permitirá establecer propostas de mellora de cara o futuro.

A observación directa e sistemática, a análise das producións dos nenos e as entrevistas coas familias constituirán as **principais técnicas e fontes de información** do proceso de avaliación. **A Orde do 25 de Xuño de 2009** establece que a avaliación na educación infantil terá en conta aspectos tan relevantes como:

- a) A organización da aula, o seu clima escolar e a interacción entre o alumnado, así como a relación entre o profesorado e o alumnado.
- b) A coordinación entre os profesionais dun mesmo ciclo e a coherencia entre os ciclos.
- c) A regularidade e calidade da relación cos pais, nais e titores legais e a participación destes no proceso de aprendizaxe das súas fillas e dos seus fillos.
- d) A adecuación da proposta pedagóxica e da propia planificación.
- e) A adecuación da proposta metodolóxica na contribución á adquisición das competencias básicas.
- f) A evolución no proceso de aprendizaxe do alumnado.

A avaliación dos nenos será cualitativa e irase reflectindo de forma continua no noso diario de clase e en táboas de rexistro. A información recollida da avaliación continua trasladarase ás familias, como mínimo, ao final de cada trimestre, nun boletín informativo e de forma persoal tantas veces estimemos oportunos, para lograr establecer unha coordinación adecuada no desenvolvemento do proceso educativo dos seus fillos.

No caso de que algún neno non acadase os obxectivos propostos, deseñaranse diversos mecanismos para mellorar a súa situación, que poden consistir en: variar a metodoloxía, a organización e distribución de espazos e tempos, a selección de recursos e materiais, a organización e o agrupamento dos alumnos... E cando as dificultades de aprendizaxe sexan de maior consideración acudírase a outros

mecanismos, como os apoios e reforzos educativos, a adaptación de actividades... e á adopción de estratexias, mecanismos, orientacións e recomendacións do Departamento de Orientación.

Dende o curso pasado, contamos coa colaboración de un equipo multidisciplinar que en colaboración có Concello de Carral e ASPANAES, levará a cabo, sesións de estimulación co alumnado que o precise, e que serán na aula do Concello, fóra do recinto escolar. Os nenos poderán saír co persoal de ASPANAES, coa autorización correspondente do propio centro, ou ben serán as familias as que os recollerán e regresarán ao centro para continuar a xornada escolar.

Doutra banda, os documentos de avaliación que debemos cubrir os mestres de educación infantil no XADE, así como imprimilos para que formen parte dos expedientes dos alumnos, serán os seguintes:

- O informe persoal do alumnado recollerá os datos de identificación do neno, así como os datos familiares, psicopedagóxicos, médicos e sociais máis significativos. Ademais formará parte deste informe o resumo da escolaridade do segundo ciclo de educación infantil, que reflectirá os cursos escolares realizados e o centro en que o alumno estivo escolarizado cada curso académico.

- O informe de avaliación inicial, recollerá os datos achegados na entrevista pola familia, as observacións relevantes durante o período de adaptación e as achegas dos períodos de escolarización anteriores, se os houber. No caso de que se incorpore algún alumno novo ao longo do curso, o seu titor/a terá que cubrir o seu informe de avaliación inicial.

- O informe anual de avaliación individualizado cubrirá o titor ao rematar cada curso a partir dos datos obtidos a través da avaliación continua. Non se cubrirá ao remate de curso en 6º de educación infantil, pois neste nivel xa se cubre o informe que segue a continuación.

- O informe individualizado de final de ciclo cubrirá o titor ao finalizar o segundo ciclo de educación infantil e recollerá os datos máis relevantes dos informes de cada curso nun informe individualizado de cada alumno. No caso dos centros que impartan as etapas de educación infantil e de educación primaria, o dito informe será posto á disposición da persoa titora na nova etapa e servirá de orientación para a avaliación inicial.

- Informe persoal por traslado. Cando unha alumna ou alumno se traslade a outro centro, a secretaría deste solicitará ao centro de procedencia o seu informe persoal, así coma os informes de avaliación individualizados correspondentes á escolarización nesta etapa

educativa. Cando o traslado se produza sen finalizar o ciclo, o centro de procedencia proporcionará o derradeiro informe de avaliación individualizado.

E finalmente, na avaliación da nosa práctica docente centrarémonos en aspectos como: a organización da aula, o aproveitamento dos materiais e recursos do centro, a relación entre profesorado do centro, a relación familia-escola, a relación entre docentes e a convivencia entre o alumnado.

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.

A metodoloxía que empregamos no ciclo caracterízase por ser activa, participativa e experimental. Partimos das orientacións metodolóxicas recollidas no currículo de educación infantil, **Decreto 330/2009, do 4 de xuño**, temos en conta o enfoque competencial LOE e tamén os principios da Escola Nova, movemento de renovación pedagóxica representado por **Froebel, Decroly, Montessori** ou **Freinet**, así como as irmáns **Agazzi**, e dos principios de intervención de corte construtivista de **Piaget, Bruner, Ausubel** e **Vygotsky**.

En primeiro lugar, os principios de intervención educativa que temos presentes son os seguintes:

Principio de respecto ao nivel psicomadurativo do neno (Piaget), que supón a adecuación dos contidos ao nivel psicomadurativo do neno, ao seu estado evolutivo e aos seus coñecementos previos.

Principio de aprendizaxe significativa: un dos nosos obxectivos primordiais é favorecer a construción de aprendizaxes significativas nos nosos alumnos, seguindo a Ausubel. Para iso partimos sempre dos seus coñecementos previos e intereses para favorecer una andamiaxe coas novas aprendizaxes que xa posuía, intentamos motivalos en todo momento de cara ás novas aprendizaxes, presentándolles os contidos que teñan significado e sentido para eles e amosarlles a funcionalidade dos mesmos.

Principio de interacción positiva medio ambiente-neno/a (Vygotsky): contempla a interacción neno-ambiente dende o seu nacemento e que estas interaccións van ir facilitando a estruturación do seu pensamento e da súa personalidade.

Outro principio que preside a nosa práctica docente e o enfoque globalizador (Decroly): a súa finalidade é estimular o desenvolvemento de tódalas capacidades dos nosos alumnos, tanto físicas como afectivas, intelectuais e sociais, dunha forma global. Para alcanzar isto traballamos a través dos distintos tipos de contidos (conceptuais, procedimentais e actitudinais) e a través das tres áreas do

currículo de maneira interrelacionada, partindo sempre dun centro de interese próximo aos nenos. A nosa intervención educativa está encamiñada a traballar a través de **proxectos** que constitúen estratexias metodolóxicas moi motivadoras para os nenos.

En segundo lugar, na nosa **metodoloxía** tamén temos en conta os principios de autores pertencentes á Escola Nova, como son:

Principio de individualización: seguindo a María Montessori, adaptaremos os métodos de ensinanza ás características, ritmos e necesidades individuais dos nosos alumnos.

Principio de creatividade: segundo ás irmáns Agazzi e á filosofía de Reggio Emilia, trataremos de favorecer que o noso alumnado desenvolva ao máximo a súa creatividade, ofrecéndolles unha gran variedade de experiencias educativas que propicien este desenvolvemento.

Principio da pedagogía do éxito: tendo en conta as teorías de Vygotsky, propoñeranse actividades que partirán da zona de desenvolvemento próximo e terán como base a superación de pequenas dificultades e a motivación positiva.

Principio de seguridade e confianza: valorando os estudos das irmáns Agazzi, crearemos nas nosas aulas un ambiente cálido, acoledor e seguro, que permita e que estimule as relacións interpersoais e contribúa á construción dunha autoimaxe axustada e positiva de si mesmos.

Principio de actividade: tendo en conta a Froebel, entre outros, dando importancia da actividade a estas idades, potenciando a creatividade e o desenvolvemento progresivo da súa autonomía.

Principio de socialización (Froebel): é fundamental que o neno se sinta integrado no grupo-clase, polo que fomentaremos as interaccións positivas entre o noso alumnado e a adquisición de diversas habilidades sociais que favorezan a súa integración, coa finalidade de contribuír a socialización. Para tal fin, promoveremos situacións nas que se teñan que comunicar, relacionar, traballar en grupo...

Principio de motivación: para que se produza a aprendizaxe é fundamental que o alumnado estea motivado, polo que partiremos sempre dos seus coñecementos previos e dos seus intereses, presentando as actividades dun xeito lúdico e atractivo para eles.

O xogo como fonte de aprendizaxe. O xogo é a principal actividade dos nenos a estas idades, polo tanto, debemos presentarllas sempre as actividades cun carácter lúdico e dunha maneira divertida e entretida, invitándoos a xogar e levando a cabo unha aprendizaxe. Así mesmo, nos recantos das aulas os nenos aprenden ao mesmo tempo que xogan, xa que establecen interaccións cos compañeiros

ademais de vínculos afectivos de amizade e estima, desenvolven habilidades sociais, o pensamento lóxico-matemático, aproxímanse á lectoescritura e demais.

En consecuencia, promoveremos actividades nas que os nenos participen, se impliquen, se comuniquen, exploren, manipulen, cumpran con responsabilidade, en definitiva, actividades nas que os nenos permanezan en todo momento activos. O que buscamos e que os nenos sexan os verdadeiros protagonistas do proceso de ensinanza-aprendizaxe, que constrúan o seu propio coñecemento mediante a actividade que realice na aula, xa que o neno aprende actuando, aprende facendo.

Tal e como recolle a normativa vixente, é fundamental que a **educación infantil sexa unha tarefa compartida en tres ámbitos: a familia, o profesorado e outros colaboradores do contorno** (institucións, asociacións, Concello...). Trátase, polo tanto, de abrir a nosa aula ao contorno. **No Decreto 330/2009, do 4 de xuño, e na Orde do 25 de xuño de 2009**, recóllese e destácase a gran relevancia da participación e colaboración das familias no proceso educativo dos seus fillos. No noso ciclo empregamos dúas vías de comunicación coas familias do noso alumnado:

- **Vía formal:** as familias participan tendo representación con voz e voto no Consello Escolar, a través da ANPA, coa súa colaboración nas actividades complementarias, de acordo ao disposto na **Orde do 22 de xullo de 1997**, así como a través das titorías de pais e nais, establecidas os luns de 16:30 a 17:30 horas.

- **Vía informal:** cando intercambiamos información sobre os nenos nos momentos das entradas e saídas da escola, cando lles enviamos ou nos envían algunha nota escrita a través dos nenos nas carpetas de comunicación, cando os chamamos por teléfono por outros motivos que son máis urxentes ou necesarios, así como en calquera colaboración ou información que poidan ou desexen achegar para o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe.

Tamén **é fundamental a coordinación** co resto do profesorado xa que isto permite asegurar unha coherencia educativa. Os mestres de ciclo e os compañeiros de nivel tratamos de coordinarnos á hora de traballar, así como tamén co profesorado especialista que da clase aos nosos alumnos. Así mesmo, é tamén importante a coordinación co resto do profesorado do centro e co equipo directivo, isto levase a cabo a través dos diversos órganos, que son: CCP, Departamento de Orientación, Claustro, Equipos de Dinamización... É primordial

tamén que exista unha boa coordinación e unha comunicación fluída entre o profesorado de educación infantil (sobre todo o último nivel) e o do 1º ciclo de educación primaria, unificación de criterios, aproximar metodoloxías, intercambiar información... Así favoreceremos un tránsito adecuado dos nosos alumnos de ambas etapas.

En canto á apertura do centro ao contorno, neste curso e por mor da pandemia, existen determinadas modificacións en relación ás saídas que aparecen reflectidas tanto no Protocolo Covid como na PXA. Como norma xeral, quedarán suspendidas todas as celebracións e conmemoracións que tradicionalmente se viñan realizando en gran grupo, se a situación mellorase notablemente durante o curso esta medida poderase revisar.

Haberá só unha saída extraescolar por aula en calquera momento do curso, a decisión do equipo docente. Estas celebracións poderán ter lugar dun xeito diferente, correspóndelle aos diferentes equipos de dinamización a organización das mesmas baixo estas premisas:

- Manter sempre os grupos de convivencia estable.
- Sempre que o tempo o permita serán ao aire libre.
- Facer os labores de limpeza e desinfección preceptivas antes e despois do evento.
- Empregar diferentes medios telemáticos se fora preciso.

En canto ás actuacións no propio centro (charlas, contacontos...) poderán levarse a cabo sempre que as quendas respecten os grupos de convivencia e o aforo e se sigan as normas de hixiene. A realización de saídas complementarias estará supeditada a situación epidemiolóxica de cada momento.

6. MATERIAL E RECURSOS DIDÁCTICOS A EMPREGAR.

Para leva a cabo esta programación é preciso contar cunha serie de recursos materiais que servirán de apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe. Poden ser moi variados pero, por riba de todo, teñen que resultar interesantes para o alumnado, servir de apoio ao mestre

e cumprir con determinados requisitos de seguridade, limpeza e manexabilidade. Neste curso e seguindo as recomendación do protocolo Covid do centro, reduciuse todo o equipamento, deixando o mínimo e imprescindible en cada unha das aulas.

→ O equipamento, fai mención á infraestrutura, a todo o relacionado coa estrutura arquitectónica así como ao seu mobiliario. O centro conta con aula de música, psicomotricidade, informática... Na aula dispoñemos de mesas e cadeiras, armarios, estantes, taboleiros de cortiza.... Cos que distribuiremos os distintos recantos de actividade.

→ O material didáctico, todo o que rodea aos nenos é educativo, sempre que axude ao seu desenvolvemento e aprendizaxe dos nosos alumnos. O material co que contamos podemos clasificalo en:

- Funxible: ceras, pinturas de dedos, lapis, papel continuo...
- Non funxible: punzóns, pinceis, tesoiras...
- De refugallo: caixas, cartóns, bolsas, cartolinas...
- Da natureza: piñas, follas, cunchas, pedras, paus...
- Comerciais: contos, quebracabezas, bloques lóxicos...
- Informáticos e audiovisual: ordenador, impresora, proxector...

→ Materiais curriculares, son todos aqueles textos e materiais editados que utilizan na aula os mestres e os alumnos, os impresos, os informáticos e os audiovisuais. Os materiais específicos elabóranos os mestres titores para desenvolver os proxectos e unidades que se leven a cabo. Hai que ter en conta e facer una mención no curso actual, a que todos os materiais que empregaremos nas aulas deberán ser de fácil hixienización, como materiais de plástico ou de madeira tratada. Contamos tamén con materiais de uso individual que cada neno ten nunha caixa ou gabeta, e outros de uso común, de fácil desinfección.

Doutra banda, para desenvolver a nosa práctica docente contamos cunha serie de **recursos humanos**, como son: os membros do equipo de ciclo de educación infantil, o profesorado especialista que imparte clases en educación infantil, os membros do Departamento de Orientación, así como o Equipo Directivo.

7. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSEÑANZA E A PRÁCTICA DOCENTE.

Un dos aspectos que non podemos esquecer de avaliar é a nosa propia práctica docente e, en consecuencia, o proceso de ensino-aprendizaxe. Pois a **Orde do 25 de xuño de 2009**, no seu artigo 20º punto 5 (desenvolvemento do proceso de avaliación) establece textualmente que o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente. Polo tanto, tal e como establece a disposición legal, os mestres debemos avaliar non so ao alumnado senón todo o proceso de ensino-aprendizaxe, convertendo esta análise nun proceso global que nos permitirá un feed-back co fin de mellorar as dificultades detectadas. Este proceso é tan fluído que permite a modificación continua dos erros detectados, garantindo a retroalimentación. Con este fin establecemos os indicadores de logro a través dos seis ámbitos-campos de análise establecidos na **Orde do 25 de xuño de 2009**, da seguinte maneira:

• <u>A organización da aula, o clima escolar e as interaccións:</u>	Case nunca	Nunca	Sempre	Case sempre
~ A organización da aula está en función das necesidades e intereses dos nenos?				
~ O ambiente psicosocial e físico da aula é cálido, seguro e comfortable?				
~ A estruturación espacial permite a realización de actividades con distinto agrupamento?				
~ A organización temporal respecta os ritmos de actividade?				
~ Os materiais están a disposición dos nenos e permiten o seu uso autónomo?				
~ Os recursos utilizados son os axeitados para o desenvolvemento persoal e suficientes?				

<p>~ Todos os nenos da aula manteñen boas relacións entre si?</p> <p>~ As relacións mestra/veno son cálidas e correctas?</p>				
<p>• <u>A coordinación entre os profesionais da aula e do ciclo:</u></p>	<p>Case nunca</p>	<p>Nunca</p>	<p>Sempre</p>	<p>Case sempre</p>
<p>~ A regularidade das relacións entre os mestres do ciclo garante a súa coordinación?</p> <p>~ As relacións entre os mestres do mesmo ciclo son de calidade?</p> <p>~ Existe coordinación entre os mestres de Infantil e o 1º ciclo de Primaria?</p> <p>~ As relacións entre todos os mestres son de calidade e prodúcense con regularidade?</p>				
<p>• <u>A regularidade e calidade da relación coas familias e a súa participación:</u></p>	<p>Case nunca</p>	<p>Nunca</p>	<p>Sempre</p>	<p>Case sempre</p>
<p>~ Establécense con regularidade as relacións ou contactos coas familias?</p> <p>~ As relacións mestra/familias son de calidade?</p> <p>~ As familias participan nas actividades da aula cando se lles solicita?</p>				

~ Acoden as familias ás reunións de grupo e de titoría?				
• <u>A adecuación da proposta pedagóxica e da propia planificación.</u>	Case nunca	Nunca	Sempre	Case sempre
<p>~ Os obxectivos propostos son suficientes e acordes coas características do alumnado?</p> <p>~ Os obxectivos propostos teñen en conta o desenvolvemento global de todas as capacidades e axústanse ao nivel psicomadurativo dos alumnos?</p> <p>~ Os contidos propostos teñen en conta os coñecementos e ideas previas dos alumnos?</p> <p>~ Os contidos teñen interese para os nenos e responden as súas expectativas?</p> <p>~ Os contidos perseguen aprendizaxes significativas e funcionais?</p> <p>~ Existe coherencia entre obxectivos e contidos?</p> <p>~ As actividades están adaptadas ás necesidades e intereses dos alumnos?</p>				
• <u>A adecuación da proposta metodolóxica á adquisición das competencias básicas.</u>	Case nunca	Nunca	Sempre	Case sempre
~ <i>Comunicación lingüística:</i> escoita activa, expresión e comprensión oral e escrita, uso correcto de textos, empatía, diálogo, expresión de emocións e organización lingüística.				

- ~ *Competencia matemática:* Manexo de elementos matemáticos, cálculo básico, procesos de razoamento, obtención de información, solución de problemas, aplicación de estratexias.
- ~ *Coñecemento e interacción co mundo físico:* Aplicación de conceptos básicos, percepción de espazos físicos, interpretación e avaliación de feitos, observación de cambios, análise de fenómenos, interacción responsable, formulación de hipóteses e contraste de solucións.
- ~ *Tratamento da información e competencia dixital:* Busca e selección de información, análise e representación da información, desenvolvemento de actividades colaborativas, pensamento crítico, ferramentas de traballo e ocio e comprensión do efecto das tecnoloxías.
- ~ *Competencia social e cidadá:* Recoñecemento de dereitos e deberes, diálogo para a comprensión e a resolución de problemas e conflitos, comprensión das diferenzas culturais, sentido de pertenza, habilidades sociais, respecto aos principios e escoita activa.
- ~ *Competencia cultural e artística:* Desenvolvemento da imaxinación e a creatividade, coñecemento de técnicas e recursos, análise crítico de obras, expresión e comunicación en códigos artísticos, participación na vida e no patrimonio cultural como riqueza compartida.
- ~ *Aprender a aprender:* Análise, sínteses, memoria, percepción, observación, planificación, organización, deseño de metas, control de recursos, formulación de preguntas, motivación intrínseca, valoración de procedementos, autorregulación e aceptación de erros.

~ *Autonomía e iniciativa persoal:* Observación, planificación, organización, autoavaliación, análise de posibilidades e limitacións, actuación responsable e busca de alternativas.

• <u>A evolución no proceso de aprendizaxe do alumnado.</u>	Case nunca	Nunca	Sempre	Case sempre
--	-------------------	--------------	---------------	--------------------

Area I: Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal

- ~ Formouse unha imaxe persoal axustada, desenvolvendo autoestima e autonomía?
- ~ Coñece e representa o corpo e as posibilidades de acción e de expresión, coordinando e controlando progresivamente os xestos e os movementos?
- ~ Identifica, expresa e comunica os propios pensamentos, sentimentos, ideas, emocións e necesidades e respecta os das outras persoas?
- ~ Goza co xogo como medio para coñecer a realidade e favorecer a aceptación propia?
- ~ Toma a iniciativa para realizar tarefas sinxelas e cotiás con autonomía, resolvendo problemas, reforzando o sentimento de autoconfianza e sendo quen de solicitar axuda?
- ~ Adquiriu hábitos e actitudes relacionados co coidado persoal e o fortalecemento da saúde?

Área II: Coñecemento do contorno

- ~ Observa e explora o contorno físico e situacións e feitos significativos con interese?

- ~ Iniciouse nas habilidades matemáticas básicas manipulando e establecendo relacións?
- ~ Toma a iniciativa na formulación de hipóteses e busca respostas a diferentes situacións?
- ~ Coñece e valora os elementos e cambios do contorno natural e desenvolve actitudes de coidado, respecto e responsabilidade na súa conservación?
- ~ Achégase a distintos grupos sociais cunha actitude de confianza, respecto e aprecio?
- ~ Relaciónase cos demais interiorizando pautas de convivencia e comportamento social?
- ~ Coñece e valora elementos significativos propios da tradición e da cultura galega?

Área III: Linguaxes: comunicación e representación

- ~ Emprega e valora as diversas linguaxes como instrumentos de comunicación, de expresión, de representación, de aprendizaxe e de gozo?
- ~ Comunícase de forma oral nas dúas linguas oficiais valorándoas para relacionarse?
- ~ Achegouse á lingua escrita en situacións contextualizadas e reais?
- ~ Comprende, reproduce, reescribe e recrea textos a través das diversas linguaxes?

- ~ Fai uso da biblioteca en diferentes actividades da vida cotiá, valorándoa como fonte de pracer e como medio de información, de interacción, de aprendizaxe e de gozo?
- ~ Emprega as linguaxes artísticas en diversos contextos e descubre e coñece obras artísticas potenciando a capacidade creativa e desenvolvendo a imaxinación?
- ~ Aмосa autoconfianza nas propias producións artísticas e valora as dos demais?
- ~ Coñece e emprega as tecnoloxías da información e da comunicación, valorándoas como instrumentos de información, creación, expresión e comunicación?

8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na LOE, define a atención á diversidade como un conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situación social e cultural de todo o alumnado. Segundo este Decreto, a atención **á diversidade rexerase polos principios de:**

- Normalización e inclusión.
- Equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación.
- Flexibilidade e accesibilidade.
- Interculturalidade e promoción da convivencia.
- Autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa.

Ademais, **as acción preventivas e a detección temperá terán carácter prioritarios** nos centros docentes e, na resposta educativa á diversidade, priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador, e as de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores. En definitiva, en cada grupo de alumnos heteroxéneo é a nosa labor e obriga como mestres dar resposta a

esta diversidade presente nas nosas aulas, adaptando a nosa intervención docente aos ritmos e necesidades particulares de cada un, a través de diversos medios:

- Realizando actividades de reforzo e ampliación.
- Realizando actividades diversas.
- Contando coa colaboración dos mestres de apoio.
- Reforzando a aqueles alumnos que máis o necesiten.
- Realizando actividades con enfoque cooperativo, xa que este enfoque favorece a atención á diversidade e a valoración da mesma, fomentando o desenvolvemento de actitudes de interese, aceptación e apoio.
- A avaliación e resposta educativa dos nenos que presentan Necesidades Específicas de Apoio Educativo de carácter significativo, realizaranse en colaboración co Departamento de Orientación. Adaptaranse as programacións ás características destes nenos.

9. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA.

A educación valores responde a un conxunto de contidos de natureza actitudinal que deben formar parte das actividades educativas. Segundo **Lucini** (1994) a súa incorporación supón formalizar unha educación en valores de forma constante ao longo da vida. As razóns que xustifican a necesidade de tratalos en profundidade son:

- Razóns sociais: xa que a sociedade reclama cada vez máis un papel activo por parte da escola na implantación de valores.
- Razóns pedagóxicas: o feito de educar en valores dende un enfoque transversal é a maneira de conseguir unha verdadeira formación integral da persoa.
- Razóns legais: pois a educación en valores aparece recollida nos textos legais en materia de educación, entre eles a **LOE**, o **Decreto 330/2009, do 4 de xuño**, e a **Orde do 25 de xuño de 2009**. Estes referentes legais aluden á necesidade de incluír nas programacións o tratamento da educación en valores a través das distintas áreas de experiencia.

Cando falamos de educación en valores referímonos a traballar cos nosos alumnos en temas como: a educación moral e cívica, a educación para a paz, a educación para a igualdade... Estes temas impregnan toda a dinámica das nosas aulas, traballaranse de maneira

transversal e a través das rutinas habituais, como por exemplo no momento da merenda, e tamén nos días de especial conmemoración, como o Día Universal da Infancia, Día escolar da non Violencia e da Paz, Día Mundial da Saúde, Día Mundial do Medio Ambiente, entre outros.

10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS PROGRAMADAS.

As **actividades complementarias**, seguindo o establecido na **Orde do 22 de xullo de 1997**, son as actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que se utilizan. Algunhas destas actividades non se realizarán mentres esteamos a convivir coa pandemia. Dentro das **actividades complementarias** inclúense tamén as conmemoracións. Segundo a **Orde do 19 de maio de 2021** pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/2022 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, durante o curso escolar celebraranse, como mínimo, as seguintes conmemoracións, tal e como aparece, no seu artigo 8:

- 20 de novembro de 2021: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2021: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2020: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2021: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2021: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2022: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2022: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 24 de febreiro de 2022: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo de 2022: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2022: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 7 ao 11 de marzo de 2022: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- 7 de abril de 2022: Día Mundial da Saúde.

- Entre o 18 e o 22 de abril de 2022: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2022: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2022: Día de Europa.
- Do 16 ao 20 de maio de 2022: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2022: Día Mundial do Medio Ambiente.

Doutra banda, dentro das actividades complementarias tamén incluímos as celebracións do Samaín, o magosto, o Nadal, o entroido...celebracións que se farán dentro das aulas burbulla e que en cada unha, e seguindo as directrices e acordos tomados polos diferentes equipos, ademais do de EACE, teremos algunhas actividades pendentes de decidir.

11. CONTRIBUCIÓN AOS PLANS DE CENTRO.

Nas nosas aulas realizaremos diversas actividades co alumnado para favorecer o desenvolvemento dos Plans do Centro:

Plan de convivencia: a vixente lexislación educativa, tanto a **LOE** coma o **Decreto 330/2009 do 4 de xuño**, e o **Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro**, polo que se desenvolve a Lei 4/2011 do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, reflexa a relevancia da promoción da convivencia, incluíndo nos centros un plan polo que se leven a cabo medidas para fomentar a mellora da calidade da educación e ao seu desenvolvemento, como fomentar unha boa relación entre os nosos alumnos, o respecto mutuo, a tolerancia, a igualdade...

Plan lector: foméntase a lectura dende as idades máis temperás. O noso centro traballa xa dende infantil co plan lector, tentando fomentar o gusto pola lectura e a mellora da comprensión lectora. Por isto, establécese a "Hora de ler" do Plan Anual da biblioteca que se recolle no plan lector do centro, tódolos días de 12:30 a 12:50 horas.

Outra das actividades dentro do plan lector é a visita da mascota da biblioteca, Pingüi, que neste curso queda posposta fisicamente por motivo da pandemia da Covid-19, pero si nos visitará de xeito virtual e nos traerá as novidades á aula así como outros libros ou materiais para traballar as celebracións e conmemoracións.

Así mesmo, a visita á biblioteca, será unha sesión á semana para cada aula e o reparto das mochilas viaxeiras entre os alumnos de Educación Infantil e 1º, 2º e 3º de educación primaria, farase cada 15 días para deixar en corentena os libros e a propia mochila.

Plan das Tecnoloxías da Información e da Comunicación: refírese ao traballo para fomentar o coñecemento e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación. Isto traballámolo mediante o emprego do ordenador, xogos didácticos interactivos, internet, cámara dixital, escornabois.... Neste momento,este apartado cobra especial importancia, xa que debemos comunicarnos e facer uso, cada día, de ordenador polo que é imprescindible fomentar e formarse para poder facer a nosa labor, tendo presente que en calquera momento, poderíamos ter un confinamento.

CP Inclúe: en base á **Resolución do 11 de xuño de 2021**, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se regulan os Contratos-Programa Inclúe (CPIInclúe) para fomentar a inclusión educativa nos centros docentes públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para o curso 2021/22, o centro solicitou participar no contrato-programa inclúe 2021/22, na actuación “**INCLÚE-T**”, conxunto de medidas que fomenten e melloren a inclusión nos centros educativos, dirixidas á atención á diversidade, á inclusión educativa e social de todo o alumnado, á mellora das necesidades educativas do alumnado de altas capacidades, ao respecto aos diferentes ritmos de aprendizaxe, á identificación e promoción dos talentos do alumnado, á colaboración con asociacións que traballan na diversidade funcional, ao fomento de recreos igualitarios e inclusivos, ao desenvolvemento de dinámicas de traballo cooperativo, á creación de escolas de nais e pais, e outras medidas semellantes vencelladas á diversidade que pon de manifesto a pluralidade do alumnado. Así mesmo pretendese acadar os seguintes obxectivos:

- a) Favorecer a inclusión dos colectivos máis desfavorecidos, como o alumnado inmigrante, o retornado ou que está en risco de exclusión social.
- b) Promover estratexias que fomenten a inclusión e a equidade educativa.
- c) Identificar e potenciar as diversas habilidades ou competencias do alumnado.

Lucía Beis López
Coordinadora do equipo de Educación Infantil